

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
27 DE OUTUBRO DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MARÍA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20.00) do dia VINTE E SETE de OUTUBRO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reun3ronse os Sres. Concelleiros 3 marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco Garc3a Su3rez, a fin de celebrar unha sesi3n ordinaria polo Pleno da Corporaci3n.

1

Non asisten 3 sesi3n:

MARIA TERESA DEVESA GRAÑA, concelleira do BNG.

Previamente comunicou a súa ausencia por raz3ns persoais.

Sen incidencias.

---&&---

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 29.09.2017**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Cadro de tarifas de auga 2018.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.**
4. **Cadro de tarifas de saneamento 2018.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.**
5. **Moción do BNG contra os lumes forestais e polo desenvolvemento rural.**
6. **Moción do PP de apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.**
7. **Moción do PP en relación á vaga de lumes que sufriu Galicia.**
8. **Moción do PSdeG-PSOE sobre a progresiva retirada de amianto nas edificacións e infraestructuras.**
9. **Moción do PSdeG-PSOE sobre a vaga de lumes que asolou Galicia.**
10. **Rogos e Preguntas.**

---&&---

2

Antes de entrar no examen dos asuntos que conforman ao orde do día da sesión, con todo o pleno posto en pé, gárdase 1 minuto de respetuoso silencio pola memoria e lebranza das catro persoas falecidas durante os graves incendios ocurridos en Galicia os días 14 e 15 de outubro é en solidariedade coas súas familias e tamén de todos os damnificados.

ORDE DO DIA

1.- ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 29.09.2017.

Pola portavoz do grupo municipal do PsdeG-PSOE fórmulanse dúas obervacións. Solicita que se enumeren as páxinas das actas para facilitar a lectura das mesmas, invoca para elo o artigo 52 do TRLXL e 198 ROF, e, na páxina 21 figura unha transcripción que, seguramente non se lle comprendeu correctamente o que expresou, e pide a súa corrección no seguinte sentido: onde se dí "a publicación por parte do concello das conclusións da enquisa feita por Xan de Arzúa", debería dicir: "a publicación por parte do concello de Allariz das conclusións do foro do boi organizado pola Asociación Xan de Arzúa".

Despois de tomar constancia destas dúas correccións que non afectan ó fondo dos asuntos, apróbbase pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2.- Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3.- Cadro de tarifas de auga 2018.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.

Acéptase, a proposta do Alcalde dun debate conxunto dos puntos 3 e 4, sen prexuízo da votación independente de cada un dos asuntos. Indica tamén o alcalde que durante a sesión da comisión de facenda presentouse un voto particular que, se se sostén durante o debate, será obxecto dunha votación específica.

Seguidamente da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, sinalando que a proposta dictaminada pola comisión informativa contempla a modificación do cadro de tarifas por aplicación da variación do IPC anual que representa un incremento do 1,6% para o exercicio 2018 tal como está previsto no contrato coa empresa concesionaria.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, propón, tal como xa pediu na sesión da comisión informativa, deixar este asunto sobre a mesa porque, se ben se dí que só é o IPC, recorda que é o IPC desde fai un montón de anos, ata o 2015 o incremento incluso era superior, recorda. Cree que hai que deixalo sobre a mesa porque, en contra do que acaba de manifestar o concelleiro do grupo de goberno, considera necesario dispor dun estudio económico para saber que non se está por enriba do custe do servizo. O Concello non se pode hipotecar ata o ano 2025 coa coxuntura variante que ten habido o longo destes anos en distintas circunstancias e quizá sexa o momento de revisar este contrato e a calidade do servizo que se está prestando. Unha vez mais non só se sube a taxa da auga senón tamén o saneamento a pesar de terse negado por parte da alcaldía que se cobre o saneamento, porque o certo é que se cobra. Parécelle escandaloso que se suban as taxas ano tras ano sen reducir ningún tipo de gastos a pesar de estar obrigados polo plan de axuste que houbo que aprobar polo rescate producido en virtude do RD-Lei 4/2012 e RD-Lei 8/2013 porque había mais de tres millóns de euros de facturas sen pagar. Cree a portavoz que xa está ben que os alaricanos sexan os únicos que estén pagando a falta de xestión económica do concello porque en redución de gastos somos incapaces de atisbar nin a mínima redución para poder facer fronte á débeda enorme que temos no concello. Admite que se reduciron gastos en algún apartado: no alumado público, nos servizos públicos, na limpeza, en moitas cousas que en Allariz cada día van mais en detrimento. Por eso, ante esta subida que consideran improcedente neste momento, porque estamos en momentos de recuperación económica, que o concello de Allariz destine eses famosos superavits dos que presume, se son reais, os destine a baixar os impostos e as taxas dos alaricanos xa que os leva subindo dende fai anos dunha maneira desproporcionada. Recorda que nos últimos dez anos subíronse un 25% os impostos neste concello. Apela a portavoz para que se tome nota doutros concellos que están neste momento facendo exactamente o contrario, é dicir, levando a cabo a redución de impostos e taxas para os seus veciños sabendo que estamos saíndo dese momento de crise, de problemas económicos e liquidez que se tivo, e se sexa sensible algunha vez coa demanda dos veciños. Sobre o saneamento, parece mentira, sinala, que se siga subindo o saneamento cando aínda hai casas en 14 parroquias sen saneamento; en pleno século XXI ter casas sen saneamento neste concello parécelle que é algo para estudo e reflexión.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala en primeiro lugar que detectou un erro na taxa da auga xa que no artigo 1º no que habería que mudar "este concello establece establece a taxa polo servizo de saneamento ou rede de sumidoiros" por "abastecemento ou subministro de auga".

Tómase razón do erro advertido.

Seguidamente a portavoz socialista sinala que, ademais de emitir un voto particular, fai unha proposta de modificación do ditame aprobado pola comisión informativa posto que a auga é un ben de primeira necesidade e propón a adopción dunha tarifa social pola prestación do servizo de abastecemento de auga e polo servizo de saneamento para as persoas mais desfavorecidas do noso concello, introducindo no texto normativo da ordenanza un artigo no que se recolla a exención no pago desta taxa aos seguintes contribuíntes:

- Beneficiarios da renta de integración social de Galicia (RISGA).
- Os acollidos a réximes protectores de carácter público e análogo ó mencionado.
- Ou tamén estudar a posibilidade de exonerar ás persoas que non conten con recursos económicos suficientes establecendo un baremo de ingresos dentro da unidade familiar que teña en conta o IPREM, o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples. A exención podería incluír ademais a cota fixa mensual e consumo ata 20 m3.

A proposta do Partido Socialista é deixar sobre a mesa a modificación das ordenanzas ata o vindeiro pleno ordinario que se aprobarán coas modificacións propostas de introducción dunha tarifa social de primeira necesidade.

No turno de réplica, o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, sinala que non esperaba que o debate tería que ver coa débeda municipal, pero en calquer caso, sorpréndenlle as afirmacións que fai o Partido Popular posto que os veciños están bastante satisfeitos dos servizos municipais, en tanto en canto que seguen medrando; desgraciadamente no resto da provincia onde seica baixan os impostos sen embargo non se pode dicir o mesmo, porque o certo é que en toda a provincia só hai tres concellos que medran en número de habitantes e ún deles é Allariz. Sobre as subas nas taxas da auga e saneamento propón dous recibos a modo de exemplo: un o dél mesmo e outro o do propio Alcalde. Confirma, en primeiro lugar, que o que se paga é unha tarifa por auga bombeada e outra por saneamento, porque hai tamén unha tarifa especial para os pobos de subministro por gravidade na que os primeiros 2 m3 están exentos e os restantes, de 3 a 10 m3, pagan 0,35€. Con respecto ós recibos que exhibe, no caso da propiedade do Alcalde, no 3º trimestre pagou 57,85€, dos cales, o 20% corresponde ó canon de saneamento da Xunta de Galicia e o 10%, Ive. É dicir, pagamos un canon da auga que non temos porque a Xunta desgraciadamente non ten a ben facer a inversión que lle levamos solicitando dende fai anos para incrementar as capacidades da nosa depuradora. Sobre o número de vivendas afectadas, sinala o concelleiro que o 99,5% dos habitantes de Allariz teñen servizo de saneamento, hai bastantes mais zonas en Ourense capital sen este servizo. En Allariz tense feito un esforzo moi importante, afirma, concretamente o ano pasado fíxose un esforzo na parróquia de Coedo dotando deste servizo a dous núcleos que, por desgracia só teñen 5 habitantes menores de 50 anos, o cal é moi indicativo, cun esforzo económico duns 80 mil euros. Admite que é complexo estudar as dinámicas das tarifas de augas nos distintos concellos porque, por un lado, están as cotas de servizo e por outro as distintas tarifas por consumo e varían moito. Hai concellos que teñen unha cota de servizo baixa pero teñen cotas de consumo bastante mais elevadas. Tomando como referencia os cadros de tarifas de concellos como Cartelle, San Cibrao, obsérvase que Cartelle ten 4,45€/mes (Allariz ten 4,98€), pero San Cibrao ten unha cota mínima de 2,93€, pero sen embargo ten no bloque de consumo de 6 a 30m3 0,47 (Allariz, 0,36), é dicir, 10 céntimos mais por m3 consumido, co cal os cadros de tarifas veñen sendo bastante parellas. A referencia co concello de Ourense é bastante interesante, a xuízo do concelleiro, según datos publicados no 2014 (La Voz de Galicia) era un dos concellos mais baratos en tarifas por consumo de auga no nivel das grandes cidades, con todo, a cifra derivada para un consumo anual de 175 m3 dunha familia serían 198€; no caso de Allariz, coa mesma estimación, 175m3 anuais, repartidos en 4 trimestres, costarían 141,6€, só polo servizo de auga. É dicir, Ourense que sería a mais barata das grandes cidades, Allariz tería 50 euros menos a igual consumo e en condicións similares de bombeo, porque en Allariz para o consumo da maioría da poboación hai que bombear. Os prezos de Allariz, sinala, non están fora de realidade, mesmo están por debaixo dos prezos de Ourense capital.

En relación coa cuestión que prantexa o grupo socialista, tal como xa se dixo na propia comisión de facenda, todas aquelas persoas que precisan este tipo de axudas, cun informe da área de servizos sociais, xa reciben unha axuda para o pago dos recibos polo consumo da auga. Porque a miúdo prodúcense disfuncións importantes no tema de renda e patrimonio, de xeito que hai xente que podería verse beneficiada por unhas tarifas baixas a través dun mecanismo pouco claro. Con todo, as tarifas de Allariz para un consumidor medio dunha familia, a tarifa ven sendo de 15€/mes, o cal non parece fora de lugar, conclúe.

Polo grupo popular a súa portavoz, por alusións á Xunta de Galicia sobre a falta de inversións en Allariz recórdalle ó concelleiro que no ano 2010 inaugurouse a estación de auga potable feita pola Xunta de Galicia para Allariz e Taboadela que Allariz ten sen pagar, casi 300 mil euros. Decir que a Xunta de Galicia non invirte en temas de auga e abastecemento é faltar á verdade. Está ben defender o noso pero sen ocultar a realidade, porque os datos están sobre a mesa, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para indicar que, en todo caso, estamos a falar dunha suba do IPC, pero que dá a impresión de que se está a falar de porcentaxes que estiveran fora de calquera lóxica; unha variable que reflicte as oscilacións dos ingresos e gastos no período dun ano, polo mesmo nin siquera é preciso facer o estudio económico financeiro que xustifique o incremento. Xa se expresou que o concello de Allariz tamén conxelará o resto das taxas polos demais servizos municipais que están permitindo que os veciños de Allariz teñan un capital social básico que está permitindo incrementar poboación e facendo que dispoñan de mais ingresos para esta calidade de vida, e mesmo hai que recoñecer que estamos nun ano especialmente dificultoso no que con 92 núcleos de poboación e cun crecemento do número de habitantes, que mesmo se ve multiplicada durante os meses de verán, cun consumo de casi 2.500 m3 diarios o concello de Allariz non ten tido problemas de abastecemento no verán e en todo o ano, e polo tanto, isto tamén é calidade de servizo. En relación á queixa con Augas de Galicia temos prantexado melloras da Edar ou tanque de tormentas que se lle ten prantexado incluso á Confederación Hidrográfica non se está a facer nada, e a obra á que se refire a concelleira foi prantexada no goberno do BNG e Partido Socialista cunha aportación do 20% dos dous concellos integrantes, cando agora se están a facer obras a fondo perdido e sen ningún tipo de custe noutros concellos, conclúe.

Antes de someter as distintas cuestións: deixar o asunto sobre a mesa, voto particular e fondo dos asuntos, aclara que a modificación das ordenanzas conforme á normativa aplicable teñen unha exposición pública de 30 días e teñen que estar publicadas definitivamente antes do 31 de decembro para a súa entrada en vigor o día 1 de xaneiro o cal dificulta enormemente facer variacións no texto da ordenanza do calado que prantexa o grupo municipal socialista.

Sométese a votación, en primeiro lugar, a solicitude de deixar o asunto sobre a mesa:

Votos a favor: PP (3) e PSdeG-PSOE (1)
Votos en contra: BNG (8)
Abstencións: --

Non se aproba a solicitude de deixar o asunto sobre a mesa.

En segundo lugar, sométese a votación o voto particular do grupo socialista do PSdeG-PEOSE:

Votos a favor: PP (3) e PSdeG-PSOE (1)
Votos en contra: BNG (8)
Abstencións: --

Non se aproba o voto particular do grupo socialista do PSdeG-PEOSE:

Sobre o fondo do asunto:

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (8), co voto en contra do PP (3), e coa abstención do PsdeG-PSOE (1), acorda:

Primeiro.- Modificar o cadro de tarifas da taxa polo abastecemento da auga potable en vigor para o ano 2018, cun incremento do 1,60 % sobre as tarifas do 2017, dando nova redacción ó artigo 6:

Artigo 6.- Cuota Tributaria.

a) **Por dereitos de conexión ou enganche á rede:** 50,00 Euros

b) **Por consumos:**

b.1) Domésticos:

1) **Cota fixa por abonado e mes:** 5,06 Euros

2) **Por tramos de consumos (eur/m3):**

De 0 a 10 m3/ab.mes	0,37	Euros
De 11 a 30 m3/ab.mes	0,46	Euros
De 31 a 50 m3/ab.mes	0,62	Euros
De 51 a 80 m3/ab.mes	2,12	Euros
De 81 a 100 m3/ab.mes	4,21	Euros
A partir de 101 m3/ab.mes	7,02	Euros

b.2) Industrias:

1) **Cota fixa por abonado e mes:** 6,75 Euros

2) **Por tramos de consumos:**

Desde 0 m3/abonado/mes	0,77	Euros
------------------------	------	-------

b.3) Por gravidade:

Por tramos de consumos:

De 0 a 2 m3/ab.mes	0,00	Euros
De 3 a 10 m3/ab.mes	0,35	Euros
De 11 a 30 m3/ab.mes	0,63	Euros
A partir de 31 m3/ab.mes	0,77	Euros

Segundo.- Aprobar o texto refundido da ordenanza.

Terceiro.- De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas das Ordenanzas fiscais afectadas exporáse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenará a contar o prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio. Se non hai alegacións ou suxerencias o acordo provisional convértese en definitivo sen necesidade de acordo expreso.

Cuarto.- A presente modificación entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2018.

A portavoz do grupo socialista do PsdeG-PSOE aclara que a posición do seu grupo é unha auténtica medida de política social redistributiva para estar á vangarda dos concellos galegos mais

comprometidos coa súa xente que está a pasar dificultades económicas. Ademais, non debemos traballar só para os turistas senón tamén para os nosos veciños. Coida a concelleira que a súa proposta é de política social.

Con respecto á explicación de voto da portavoz socialista, o Alcalde sinala que estamos de acordo que, en que política social, o concello ten un compromiso que haberá ocasión de avaliar na aprobación do vindeiro orzamento para o 2018 e, tal como expresou o concelleiro de medio ambiente, via servizos sociais, non só por petición dos propios interesados senón tamén de oficio, as traballadoras sociais e o equipo de benestar social do concello ten unha política de atención para os casos de pobreza enerxética (pago de alugueres, de atención ás obrigas familiares, libros escolares, e polo tanto, entende que xa se está cumprindo esta finalidade, o cal significa que os servizos sociais non hai que entendelaos só como apoio ou mais beneficiencia e menos dereitos, mentras que en Allariz o equipo de goberno é mais partidario de contar cun capital social básico como xa se dixo antes. Non obstante, haberá ocasión na elaboración de futuras ordenanzas municipais de volver a debater cuestións destas características para ver se o modelo é mellorable e o BNG estará aberto a esa mellora.

4. Cadro de tarifas de saneamento 2018.- Aprobación da modificación da ordenanza reguladora.

Visto o expediente tramitado;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (8), co voto en contra do PP (3), e coa abstención do PsdeG-PSOE (1), acorda:

Primeiro.- Modificar o cadro de tarifas da taxa polo servizo de saneamento para o exercicio 2018, cunha variación do IPC sobre as tarifas do 2017, dando nova redacción ó artigo 7:

Artigo 7.- Cota tributaria.

A cota pola prestacións servizos da rede de sumidoiros e depuración será a resultante de aplica-la seguinte tarifa:

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,40 EUROS/abon.mes</i>
<i>Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

No caso de verquidos de gran volume con medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa rede municipal, que virtan á rede de alcantarillado un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo un equipo medidor de caudal, ou no seu defecto se podrá realizar un aforo do verquido e se facturará coa seguinte tarifa:

<i>Cuota fixa mensual.....:</i>	<i>3,40 EUROS/mes</i>
<i>Consumo.....:</i>	<i>0,07 EUROS/M3</i>

Segundo.- Aprobar o texto refundido da ordenanza.

Terceiro.- De conformidade co disposto no citado artigo 17.1 do TRLRFL, o presente acordo provisional, xunto coa nova redacción das normas das Ordenanzas fiscais afectadas exporáñse ó público no taboleiro municipal durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Dita exposición anunciaráse no Boletín Oficial da Provincia e comenza a contar o prazo a partir do día seguinte a quel en que teña lugar a publicación do correspondente anuncio. Se non hai alegacións ou suxerencias o acordo provisional convértese en definitivo sen necesidade de acordo expreso.

5.- Moción do BNG contra os lumes forestais e polo desenvolvemento rural.

En relación con este asunto, explica o Alcalde, como os tres grupos presentan mocións nas que abordan a mesma temática, propón abrir un único debate no que cada grupo expoña a moción presentada, se algún grupo presenta enmendas transaccionais con algunha das mocións estudarase esa posibilidade para seguidamente votar cada unha das mocións presentadas.

A portavoz do Partido Popular está de acordo coa proposto pero en caso de non chegar a acordos cada grupo pode defender, nos turnos de réplica, contestar a cada unha das mocións.

Haberá, entón, concleír o Alcalde, un primeiro turno de defensa de cada unha das mocións, un segundo turno de réplica se así se considera e, se non enmendas transaccionais, someterase cada unha delas a votación.

Toma a palabra o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, que da conta da moción, de data 20.10.2017, presentada pola BNG nos seguintes termos:

Exposición de motivos

A traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasara Galiza provocou en catro días a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas viron as súas vidas ás portas da morte; deixou vivendas, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 hectáreas este ano, tanto como nos tres anos pasados).

O Goberno galego era consciente de que Galiza atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas, que as comarcas de Ourense levaban ardendo durante toda se semana e que os coletazos do furacán Ofelia traería fortes rachas de vento. A pesar diso, a política do Partido Popular (PP) vai no sentido inverso ; redución das franxas de protección, despedimento de case medio milleiro de traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA a semana anterior e a non aplicación durante todo o ano das medidas de prevención.

Para o PP, unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, que abranxa a posta en valor dos terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os lumes forestais, non existe.

En 2007 aprobouse por primeira vez unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galiza. Dita norma sentaba os alicerces para dar prioridade a unha actuación preventiva contra os incendios forestais, combinando medidas de ordenación forestal do territorio, o impulso ao asociacionismo na explotación forestal, a inserción da política forestal na de desenvolvemento rural, deixando de ser unha política sectorial illada doutras actividades no medio rural, e a regulación dunha planificación eficaz dos dispositivos contra o lume.

Esta Lei foi derogada polo PP, sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría, sen ningún criterio lóxico, nin dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, nin para propiciar o desenvolvemento do rural e, o que é peor, sen implementar ningún modelo alternativo, acordando a pura e simple eliminación de medidas avanzadas de prevención e a volta á relegación e parálise da política preventiva e de ordenación forestal como principal panca para erradicar os incendios forestais en Galiza.

O goberno do PP, desde aquela, abriu a posibilidade de forestar terras agrarias, permitindo as repoboacións forestais en terras adicadas ao labradío, prados e pasteiros. Deste xeito aumentou o desorde territorial, diminuíu a posibilidade de incrementar as explotacións, propiciou o abandono do medio rural e aumentou o perigo dos incendios forestais.

O goberno do PP, ademais, reduciu na metade a obriga de xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo u actividade situada a menos de 400 metros do

monte. E reduciu de 50 metros a 25, a contar desde a extrema da propiedade, a prohibición de especies que favorezan a propagación do lume (eucalipto, acacia, Piñeiro...).

Estas reformas só poden ser entendidas, ademais, se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE, ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

O BNG leva anos denunciando que este é un dos principais problemas estruturais do noso país. E como tal, a resposta tamén debe atacar ao problema de fondo. No mes de xuño, a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, após os incendios do Pedrógao en Portugal, fíxolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta de Galiza, para chegar a un grande pacto nacional galego en defensa do noso monte, que Feijóo nin se dignou en contestar. Os aspectos a abordar, como a desertización, o abandono de explotacións agrarias, monocultivo do eucalipto ao servizo basicamente de ENCE, a falta dun aproveitamento multifuncional do monte galego que aproveite todo o seu potencial, servizo de prevención e extinción precario, estacionalizado e sen mando único, etc., seguen aínda pendentes.

Diante disto o goberno do PP, aplica a política da manipulación informativa e do autobombo, botándolle a culpa ao vento, a Portugal... sen asumir as súas responsabilidades. Mesmo pretende atribuír aos concellos función propias da administración forestal, como a contratación das obrigas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos límites das masas forestais, cando carecen de financiamento público municipal e son, se nos atemos aos criterios da pretendida " racionalización da administración local " que impuxo o PP, competencias impropias dos entes locais. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza á:

1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.
4. Establecer un único protocolo de emerxencia a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:
 - . Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.
 - . O establecemento e mantemento de faixas de protección.
 - . Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.
6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as obrigas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.

A seguinte moción (**punto 7º**) é a presentada polo grupo municipal do Partido Popular baixo a denominación **Moción do PP en relación á vaga de lumes que sufriu Galicia.**

Antes dar conta da súa moción, a portavoz do Partido Popular, Luz Doporto Real, replica á moción presentada polo BNG sinalando que coincide co concelleiro de medio ambiente en que, no tema do abandono do rural temos que empezar a traballar todos xuntos en positivo e empezar a analizar qué está fallando en toda Galicia, e en Ourense en particular, para saber por qué os nosos pobos séguense abandonando día tras día e, está ben que se recorde a anterior vaga de lumes do ano 2006, porque recordando aquelas datas, probablemente pouco aprendimos todos daquela situación.

Recoñece o compromiso co medio ambiente do concelleiro, e así hai que recoñecelo, sinala, pero casi é entrar nunha contradición estar facendo este alegato e chegar á conclusión de que é certo: en aquel momento houbo falecidos, pero arderon dobre de hectáreas, pero tampouco se chegou daquela á situación de emerxencia porque o lume entón non chegou ás casas.

No corpo expositivo da moción do BNG é incoherente dicir que se eliminen as brigadas municipais cando son quizá as primeiras en poder chegar ó lume, porque a dispersión poboacional que hai en Galicia é evidente, e os primeiros en chegar ó lume son os concellos, que é a administración mais cercana. E non podemos deixar de ter en conta a nosa responsabilidade de todos os cidadáns, e os gobernos locais, provinciais, autonómicos e estatal, pero o concello tamén á hora de mater as franxas limpas ó redor dos nosos pobos, esa é un labor que hai que facer desde os concellos. Por eso non podemos, sinala, facer ningún alarmismo nese sentido porque todos temos que cumprir coa lei e hai que darlle un cambio a todo isto para dotar de mecanismos ós concellos para que se poida cumprir, e cumprir eles mesmos coa lei, porque Allariz non é un exemplo precisamente neso.

Con respecto ó primeiro párrafo da exposición de motivos da moción, coincide en que a traxedia foi enorme e así o recoñecen todos, pero hai que ser realistas porque o mes de outubro foi un dos meses mais calurosos que se recorda, impropio da súa estación, agravado polos ventos furacanados excepciónais (furacán Ofelia) soportando rachas de ata 100 km/hora durante os dous días mais problemáticos, unha tormenta de lume imparable, sinala. No ano 2006, as hectáreas queimadas daquela foron mais de 95 mil, 88 mil só no mes de agosto, e nesta ocasión en dous días arderon en toda Galicia 35 mil. É dicir, algo aprendimos daquelas circunstancias porque nas peores condicións fomos capaces de afrontar a situación e ter menos danos na superficie forestal que é o noso medio de vida. Ela mesma sabe, sinala, por experiencia propia, que cando chega unha tormenta perfecta deste tipo e unha vaga de lumes tan inmensa, cáles son os problemas ós que nos enfrontamos ao pé do monte e o pé das casas e que hai que mellorar entre todos, porque nin as persoas que saben que teñen que ter limpas as terras ó pé das das casas, nin os concellos que saben que teñen que desbrozar os perímetros que marca a lei ó redor dos pobos; non dí que teñan que ser só os concellos, porque hai que esixir ás demais administracións que nos doten de mais fondos, porque estamos en presenza dun problema inmenso, porque Galicia é toda rural e forestal. Qué diferenza substancial hai agora na mente das persoas, que chegou o lume ás cidades, a razón é que o monte chega ás cidades por eso ocorren traxedias que non pensamos que podían ocorrer. No segundo párrafo da moción afirmase que non se tomaron medidas preventivas (o Alcalde recórdalle á concelleira que dispón de dez minutos como todos os grupos para facer a súa intervención tamén para defender a súa moción. A concelleira responde que intentará apurar pero tamén ten que defender a súa moción pero e replicar a exposición feita polo BNG, porque o tema é o suficientemente sensible para poder ampliar as intervencións. O Alcalde reitera que se aceptou facer un debate sobre esta problemática na que cada grupo defendería a súa moción. A concelleira sinala que para defender a súa moción tamén ten que replicar a moción exposta. O Alcalde prega que se ataña ao horario de intervencións establecido que é de dez minutos). Continuando co exposición, cando o BNG afirma que polo goberno galego non se tomaron medidas, a concelleira afirma que sí se tomaron medidas:

- O venres 1 de outubro requeriuse a incorporación do persoal das brigadas do servizo de prevención e defensa contra incendios que estaban de vacacións ou autorizar a substitución do persoal das brigadas que estaba en situación de incapacidade temporal;

- O martes 10 de outubro, que se declaraba perigo alto en Ourense nos distritos forestais de Lugo, Sarria, Terras de Lemos e terras do Deza a Tabeirós, en Pontevedra, reinicouse a actividade laboral do persoal do servizo de prevención e loita contra os incendios da campaña do verán dos tres meses por primeira vez desde que se creou a RPT no ano 2012, desde o 10 de outubro ata o 31 de outubro e o reinicio da actividade laboral deste persoal.

- O mércores 11 de outubro reinicouse a actividade laboral deste persoal en toda a Comunidade Autónoma, requeriuse a incorporación do persoal das brigadas que estaban de vacacións, reactivouse a quenda nocturna dende as vinte e catro ata as sete da mañán, en baixo risco era só ata as catro da mañán, e reiniciouse a prestación do servizo prevista para o período de alto risco en réxime de garda para os axentes medioambientais e para os técnicos do servizo de prevención e loita contra os incendios forestais de forma voluntaria.

- O venres 13 de outubro declarouse a situación de emerxencia que implicaba decretar a prolongación encomendada a Tragsa das vinte e seis brigadas, contratáronse tres medios aéreos a maiores dos que xa se tiñan que eran 9 helicópteros que xa deixaran de traballar (6 de extinción e 3 de coordinación).

- O 14 de outubro reinicouse a prestación do servizo previsto para as situacións de alto risco en réxime de garda para os axentes medioambientais e para os técnicos do servizo de prevención e loita contra os incendios forestais con carácter obrigatorio desde o día 14 de outubro e ata o fin da situación de perigo alto. O maior operativo de medios persoais desde o ano 2011, esa é a conclusión. Despregáronse neses días 350 brigadas, 5.600 efectivos, 220 motobombas, 40 pás e unha vintena de medios aéreos contando os propios da Xunta e os que aporta o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e para completar este operativo foron mobilizados máis de 600 efectivos da UME apoiados con 18 autobombas, 6 delas nodrizas e mesmo helicópteros procedentes das bases situadas en Murcia, Toledo e Guadalajara. Todo este operativo o maior que se tivo nunca nesta época do ano foi o que se despregou neses días.

11

No terceiro párrafo da moción, cando se afirma que se potencia a forestación de terras agrarias a portavoz sinala que non é certo porque para forestar terras agrarias hai que dar cumprimento do disposto no artigo 61 da Lei de Montes sobre cambios da actividade agrícola e forestal que establece que *soamente os terreos rústicos de uso agrícola en estado de manifesto abandono e que estivesen adscritos a un banco de terras agrarias ou instrumento semellante, por un período de polo menos dous anos, poderán forestarse, previa comunicación á Administración forestal, cando cumpran algún dos seguintes supostos* que se citan no propio artigo e que non é preciso reproducir.

Cando se dí (no terceiro párrafo) que se reduciu de forma drástica a obriga de sosteñer a biomasa vexetal, afirma que Allariz non é un bo exemplo de xestión da biomasa, aínda que fai anos se vendera a idea da Central de Coxeneración de Chorente con este fin, a realidade é que nin se xestionou a biomasa nin se tan siquera se ten participación na Central de Coxeneración. Non se rebaixaron as franxas de protección e non se reduciron as distancias de prantacións, o que se fixo foi unha clarificación das distancias e da xestión da biomasa entre as mesmas e clarificouse a situación de moitas vivendas que estaban fora de ordenación. En todo caso, quen ten que limpar os terreos situados nas franxas de protección son os propietarios e os concellos poderán, subsidiariamente, achegarlles os custes ós propietarios, ou con cargo ós fondos públicos, nos casos de propietarios descoñecidos.

Todos sabemos e somos conscientes de que un dos grandes problemas que temos en Galicia é que o 98% da superficie do monte é privada e todos somos responsables en maior ou menor medida do seu abandono e da súa mala xestión. Todas as forzas políticas terán que afrontar o problema do abandono do medio rural porque a responsabilidade é de todos. Pero os concellos tamén teñen que facer os deberes e manter limpo e facer traballos de prevención que en Allariz brillan pola súa ausencia, porque se algún destes lumes ocorrira eiquí probablemente ocurriría o mesmo que ocorreu nos demais lugares da provincia ou de Galicia, porque o lume chegaría ás casas

porque o monte está metido nas casas. Con eses ventos non se podería parar e todas persoas estarían en risco por non ter feito os deberes que lle corresponde.

[O Alcalde recédarlle leva 20 minutos de intervención, prégalle que vaia terminando].

O Concello de Allariz, continúa a portavoz, nin siquera se acolle ós convenios da Xunta de Galicia para a prevención e loita contra os incendios forestais que para este ano se destinaron 33 millóns de euros. Todos podemos traballar en positivo para que esto non volva ocorrer pero se todo o que vamos a aprender é botarnos as culpas uns ós outros pouco favor lle vamos a facer a Galicia.

Seguidamente, da lectura á parte dispositiva da moción, se ben, como foi presentada por escrito transcríbese literalmente o texto íntegro presentado:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Galicia sufriu entre o 12 e o 17 de outubro una vaga de lumes sen precedentes, un episodio de actividade incendiaria que supuxo un atentado contra o rural, o medio ambiente, a economía, a vida animal e o mais importante puxo en risco a vida das persoas, producíndose un fatal desenlace co falecemento de catro persoas que lamentamos en profundidade.

Galicia non arde soa. A Galicia quéimana. O acontecido trátase dunha verdadeira afronta e unha aldraxe, que se fixo partindo de dous condicionantes excepcionais, unhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e moi baixa humidade e unha actividade incendiaria desaforada. Mesmo houbo que facer fronte a incendios que procedentes de Portugal se propagaron en Galicia.

Estes elementos conformaron un ataque inxente que forzou ata o límite o dispositivo despregado pola Xunta de Galicia e que estaba composto por 350 brigadas, 220 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos, ademais de bombeiros de toda Galicia e Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), uns 5.600 efectivos en total que xa estaban incorporados durante a fin de semana, incluíndo os mais de 600 efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME), apoiados con 18 autobombas e 6 nodrizas e mesmo, dentro dos medios aéreos, helicópteros procedentes de bases situadas en Murcia, Toledo ou Guadalaxara.

Trátase do maior operativo despregado nesta época do ano e dun dos maiores da historia. Xunto á inestimable colaboración de voluntarios de Protección Civil e de veciños dos lugares afectados, fixéronlle fronte a focos que se sucedían continuada e simultaneamente, e que se multiplicaban en cuestión de minutos.

Todos temos responsabilidades na prevención dos incendios forestais, incluíndo os propietarios dos terreos e os concellos e demais administracións, xa que tamén teñen as súas obrigas en relación coas súas propiedades e vías de titularidade municipal.

Esta vaga de lumes afectou indistintamente a áreas de monte raso, arborado e ordenado, a zonas de pasto, a explotacións gandeiras, a viñedos, e mesmo tamén a núcleos rurais e áreas urbanas con afección a bens inmobles e mobles. En poucas horas activáronse uns 264 incendios que puxeron a proba ao operativo coordinado pola Xunta de Galicia.

Os cidadáns en xeral e cada administración, no marco das súas competencias, debemos actuar para facer fronte a este problema, que é un problema de todos.

O repunte dos incendios en determinadas épocas do ano, máis aló do verán, é algo habitual nos últimos anos, rexistrándose unha considerable actividade incendiaria en primavera, e como ocorreu este ano de xeito moi marcado, ao longo do mes de outubro. Por iso, e dadas as condicións climatolóxicas adversas que estamos a vivir, a Xunta prorrogou o período de perigo alto de

incendios ata o 31 de outubro, manténdose a prohibición das queimas de restos agrícolas e forestais ata nova orde.

En todo caso, o dispositivo galego é potente e flexible, o que permite adaptalo ás circunstancias de cada momento, por iso se puido reforzar o operativo de loita contra os incendios tanto de medios materiais como humanos declarando a emerxencia e prolongando o período alto risco por incendios forestais.

A mellor forma de parar un lume é que non comece, e nesa batalla contra os incendiarios temos que estar todos, medios policiais, Fiscalía, administracións e toda a sociedade.

Por outra parte, no Consello da Xunta de pasado xoves 19 de outubro aprobouse un decreto de medidas urxentes para tentar paliar e reparar os danos provocados polos lumes. A prioridade é atender ás familias das vítimas mortais, neste sentido incrementáronse as indemnizacións para os seus familiares destes falecidos como consecuencia do terrorismo incendiario.

En relación ás persoas que sufriron perdas materiais, especialmente aquelas que viron como o lume afectaba ás súas casas, disporán tanto de asesoramento como de axudas. Daranse tamén axudas para aloxamento ata a reparación das vivendas, ademais de avaliar as naves industriais afectadas que non teñan póliza de seguro.

Tamén se está a traballar na análise dos ríos e das costas co obxectivo de minimizar o risco de que as precipitacións provoquen riadas; planificar a reforestación da superficie afectada, cando sexa preciso, e rexenerar así o patrimonio natural. E a Xunta tamén está a traballar coas confrarías para identificar aqueles terreos danados polos incendios que poidan supoñer un risco para os bancos marisqueiros.

É necesario que nese proceso de apoio aos afectados se involucren todas as administracións. As Deputacións Provinciais, que son os organismos máis achegados aos concellos, e o Estado, deben colaborar tamén para que os danos provocados polos incendios sexan reparados coa maior brevidade posible.

13

Por todo isto, o grupo municipal do PP solicita ao Pleno da corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior; así como as Forzas e Corpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.

2.- Instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención cumprindo coa normativa vixente.

3.- Solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, restablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poidan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros.

4.- Instar ao Estado e ás Deputacións Provinciais (estas últimas como principais organismos encargados de dar apoio aos concellos) para que se unan á Xunta de Galicia e participen na concesión de axudas destinadas a paliar os efectos dos lumes. En particular, ínstase ás Deputacións, en virtude das obrigas que a estes efectos establece o artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, a implicarse no cofinanciamento das actuacións de reparación de danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal.

Por último, a portavoz do PP propónlle ó BNG unha transacción o modificando o apartado 6º polo seguinte texto: *solicitar a todas as administracións implicadas na labor de defensa e loita contra os incendios forestais, potenciar as brigadas municipais na defensa contra o lume e nas labores de prevención, formándolas e equipándolas adecuadamente para o desempeño da súa labor, dotando ós concellos dos recursos materiais e económicos necesarios para elo.*

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, da conta da seguinte moción:

9.- Moción do PSdeG-PSOE sobre a vaga de lumes que asolou Galicia.

Exposición de motivos:

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa o pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesma e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgrazas humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora e dramática. Os concellos víronse sobrepasados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con minguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas a Xunta de Galicia:

- Conformar un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.
- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.
- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de canles e mananciais.

- Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.
- Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

Por último, a portavoz socialista anuncia o vota favorable á moción do BNG porque comparten fondo e forma para implementar medidas de prevención, posta en valor dos terreos forestais, mellora da extinción porque estamos ante un modelo fracasado, e propon un

Acordo de trasacción:

Incorporar os puntos resolutivos da iniciativa do PsdeG, engadir no apartado 5º da moción do BNG, no que atinxe á esixencia de responsabilidades, a dimisión da Conselleira do Medio Rural e do Director Xeral de Montes da Xunta de Galicia.

No turno de réplica, o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, sinala está completamente de acordo que Tomás Fernández Couto [Director Xeral de Montes], a quen coñece dende fai moitos anos, e xa sería hora de que se fora retirando. Seguidamente sinala que en Allariz os lumes que houbo poidéronse atallar a tempo en parte porque a actitude dos veciños e veciñas é absolutamente colaborativa, pero tamén porque xa saben a quen chamar, porque hai que recoñecelo, os lumes escapáronse das mans, porque non había medios. 500 persoas que traballan no Seaga xa foran dados de baixa unha semana antes e empezaron a traballar o domingo a partir dunha certa hora. Non houbo 175 lumes nun momento dado, o que houbo foron lumes que non atallaron o día anterior e o domingo xuntáronse con moitísimos mais, moitos deles lumes secundarios. De feito o que está dicindo a fiscalía e o propio Seprona é que non hai tramas incendiarias, desgraciadamente, o que hai en cada ún dos concellos son persoas que plantan lume; os que puxeron lumes en Allariz non veñen doutros sitios. A maiores, unha vez que empezaron os lumes o que houbo é moita descoordinación porque, como se escoitaba pola emisora, había momentos en que non había xente para atender os lumes, él mesmo participou nun dispositivo no termo de Rairiz o sábado pola noite no que estaba a motobomba de Allariz e él mesmo, logo chegou outra brigada doutro concello que escapaba do lume. O concello de Allariz non ten brigada de incendios por un criterio técnico, porque, se ben se admite que ten que haber brigadas, non pode haber brigadas municipais porque ademais de ter que atender outras labores de desbroce non están ben equipadas, mentras as brigadas da Xunta que están mellor pagadas están esperando haber se sae un lume. Tampouco pode ser que en Protección Civil se teña unha emisora que non sexa capaz de comunicar co distrito forestal porque non están na mesma canle e non lles permiten estar, o cal non ten sentido. O sábado pola tarde Protección Civil non foi capaz de contactar cos bombeiros de San Cibrao, non sabían onde estaban. Nesta mesma liña, o mesmo domingo ás dez da mañán recibíuse no concello unha comunicación da UME para saber se se lle podía dar aloxamento para 100 militares que estaban en camiño para o concello das Neves, algo que debería ser propio da Dirección Xeral de Protección Civil atopar un aloxamento mais preto do lugar onde van prestar un servizo. Sobre as franxas de protección, efectivamente, segundo a lei é competencia municipal; este mesmo verán na concellería de medio ambiente recibíronse mais de dúascentas solicitudes de limpeza de fincas, corenta e dúas só no núcleo de O Castro de San Mamede, eso é imposible de xestionar, porque o catastro de fincas non está debidamente actualizado, hai moitas a nome de persoas descoñecidas, outras moitas son propietarios residentes no extranxeiro. Ou se cambia lei ou senón é imposible de xestionar porque tampouco teñen os concellos competencia para poder entrar nas fincas sen autorización dos seus donos. Durante este verán, él mesmo lle prantexou á Xunta de Galicia en tres informes diferentes a necesidade de coordinarnos desde o distrito forestal e os concellos no tema da limpeza de franxas porque por parte da Xunta é moi fácil remitir, reenviar, os requerimentos aos concellos sen identificación de propietarios, éstos fan as averiguacións, mesmo a través do catastro, co resultado que antes se dixo: propietarios ausentes, fincas a nome de descoñecidos, co cal o sistema resulta inoperativo.

En Allariz, nos últimos anos, téñese posto en marcha proxectos de desenvolvemento rural (en Coedo, en Penamá, no monte do Castro, en Nanín) estes son os proxectos que son persistentes no tempo, os que manteñen as zonas limpas de verdade. 170 millóns de euros do PDR, Plan de Desenvolvemento Rural, para apagar lumes, mais do 70% do orzamento do PDR, habrá que repensar o sistema de asignación de recursos; seguramente terá que haber un servizo básico de extinción, pero habrá que recalcular para ver se a maior parte non debería ir a prevención, apoio de proxectos de desenvolvemento rural, a modelos sostibles para que fixen poboación no rural e a limpeza dos montes se mantéña ó longo do tempo.

O concello de Allariz ten un convenio no que se inclúe a motobomba e tamén para limpeza, un tractor desbrozadora que desbroza todo o ano, 160 hectáreas de desbroce, certificados polo Distrito forestal.

Conclé sinalando que a base do problema e tamén a solución está na ordenación do territorio e para elo hai que modificar o corpo lexislativo.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz sinala, e está de acordo coa conclusión, que hai un problema de ordenación do territorio na base deste problema, ela mesmo xa o apuntaba antes na súa moción, ó tomar en conta o dato fundamental de que 98% do monte de Galicia é privado, a maior parte en mans de propietarios descoñecidos, co cal á hora de facer limpeza e adoptar resolucións aparecen estas dificultades que ela recoñece. Por eso xa está sobre a mesa para que se dote ós concellos con normas que os habiliten a facer as limpeza de fincas sen que se atopen con dificultades xurídicas por entrar nas fincas para limpar, eso é algo que todos teñen que asumir, por eso ela apelaba á concienciación da xente, porque o problema é de todos, porque ata que non vemos o lume na porta pensamos que non vai con nós. Está de acordo co que dí o concelleiro de medio ambiente e probablemente desde o concello, entre todos, se poderían facer aportacións en positivo con outras administracións. É o momento de aportar propostas por parte de todos os partidos porque Galicia é de todos e de cada ún. Ao mellor é o momento de facer cambios normativos en positivo entre todos porque o problema xa ocorreu no ano 1989, foi no 2006 e tamén agora no 2017, e por desgracia o cambio climático nos está afectando, os veráns cada vez son mais longos, as secas son mais terribles.

[O Alcalde pídelo ós veciños que non fagan comentarios durante as intervencións]

O seu grupo non pode aceptar a transacción que propón a portavoz socialista, podería votar favorablemente o corpo expositivo da súa moción, pero non pode aceptar a enmenda transaccional que propón o PSdeG e mantén a transaccional que lle fai ó BNG nos termos expostos.

Polo grupo municipal socialista a súa portavoz sinala que estamos ante un goberno da Xunta de Galicia incompetente que non é capaz nin de apagar o lume nin de protexer á poboación. A verdadeira vaga de lumes puxo de manifesto o seguinte: o modelo de extinción está caduco e non serve, a prevención non existe, as franxas de protección das poboacións non se executan pero neso ten moito que ver a derogación da lei de prevención do ano 2007 de Suárez Canal. Isto é sectarismo, afirma. A Xunta desapareceu, nin prevención, nin extinción, nin funcionou a operativo de emerxencias. En Galicia viviuse un caos que pudo rematar nunha catastrophe aínda maior. No tunel da Cañiza, en Carballeda de Avia, en Melón, en Parada do Sil, en San Cristobal de Cea puido acontecer unha traxedia aínda maior da que aconteceu, 4 persoas mortas, e centos de vivendas e edificacións arrasadas, miles de hectáreas queimadas; aínda por riba, o Decreto para reparar os danos imponse ós damnificados a existencia de demostrar que os lumes foron intencionados, este non é o camiño. Da Deputación Provincial de Ourense mellor nin falar, comportamento sectario, oportunista, partidista. Un pouco de humildade e asumir responsabilidades, eiquí non dimite ninguén. A Conselleira do Medio Rural, o Director Xeral de Montes e o de Emerxencias, para a súa casa. Recoñecer que o Goberno galego estivo ese domingo tráxico desbordado e desaparecido, un fracaso estrepitoso. Nas grandes ocasións, cando o país mais os precisa nin están nin se lles espera. Con respecto á TVG mellor nin falar, apagón informativo vergoñento. Segundo o presidente Feijoo os culpables foron o tempo, Portugal e os terroristas indeniarios, ¿onde están os terroristas

incendiarios, pregunta a concelleira?. Esto é radiografía dun fracaso anunciado nos medios de comunicación: "Lo hemos perdido todo y no le importamos a nadie". "Solo 28 de los 206 delitos forestales del último año llegaron a juicio". "126 casas sufrieron daños en As Neves que siguen sin cobertura". "72 horas de incendios en Galicia, más de un centenar de nuevos focos desde el viernes 19, incendios con riesgo para la población, 4 víctimas mortales y cientos de desalojados". "las Familias de los fallecidos solo cobrarán ayudas si se demuestra que el fuego fue intencionado". "Expertos universitarios creen que no hay trama incendiaria" Y estas son las fotos de la vergüenza, concluye, el pueblo nuevamente haciendo lo que debe hacer la administración", conclúe a concelleira.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, independentemente de que pidamos a implicación da sociedade na loita contra o lume, é obvio que temos que analizar a responsabilidade dun goberno, que é quen ten a competencia, porque a competencia en materia de extinción, correspóndelle á Xunta de Galicia; xa se expresou eiquí que o operativo xa estaba desmontado, que chegou tarde e arratras. Está ben tratar de desviar a atención en relación á trama incendiaria, o vento que ven de Portugal, todo o que consideremos, para non facer unha mínima autocrítica salvo cando o presidente admitiu que houbo 15 horas durante as cales se perdera o control, pero obviamente ningunha medida adoptada en relación á necesidade de cambiar a política forestal, que é a que está propiciando, como en algún caso o cultivo do eucalipto na zona de costa, noutros, por abandono das terras que está propiciando esta problemática que non ten solución se non se fai ese cambio. Polo tanto, claro que nós temos un ánimo constructivo, afirma o Alcalde, e estamos dispostos a traballar nese sentido pero non vale nunha situación destas características. Non quere comparar os sinistros, pero recorda o Alcalde que no ano 2006 o goberno era "asesino", o BNG non chegou a falar desto pero son conscientes de que hai que responder como país, en Portugal hai un debate que esté enriba da mesa e mesmo propiciou a dimisión da Ministra responsable, do responsable de Protección Civil, nunha situación que teñen moi parecida á galega.

Allariz, sendo conscientes das moitas limitacións que ten, e do moito que hai que avanzar, sen embargo é certo que a política que se seguiu ó longo destes anos, a pesar de contar con 92 núcleos de poboación, cunha dispersión de poboación moi grande e cun envellecemento moi forte, fan que teñamos que incidir na ordenación territorial como expresou o concelleiro de medio ambiente, potenciar as explotacións gandeiras, que son auténticos apagalumes, en Penamá, en Coedo, en Meire, en A Cal, tamén en Paicordeiro, todas elas con explotacións de gando, ésa é razón de por qué fai corenta anos o monte non ardía porque a xente entendía a utilidade que tiña o territorio. En Allariz esa política impulsouse, e hai que facer un novo esforzo nese sentido e estamos abertos a todos os grupos municipais, obviamente partindo das explotacións existentes, con aqueles que queren traballar no medio rural, facer un traballo de intermediación que o concello ten feito, para ir ampliando esa base territorial para que aquelas terras que están sen utilidade, sen aproveitamento, o teñan. Houbo unha experiencia en positivo que se sacou do 2006, que tiña que haber un mando único para as brigadas de extinción de incendios, porque non ten sentido ter unha brigada en cada concello con persoas sen formación adecuada, porque é moi difícil proporcionar unha formación adecuada para un traballo temporal desas características, qué dicir das responsabilidades que se desencadearían se algunha das persoas contratadas para estas labouras tivera un accidente mortal apagando un lume, pregúntase o Alcalde, nin é profesional nin é razoable facer esas contratacións.

Cando no ano 2006 se fixaron os perímetros de protección dos núcleos houbo unha financiación de trinta mil euros para facelas, despois viña a obriga dos propietarios de facelo, por eso non se pode admitir que a Xunta de Galicia mire para outro lado e pretenda repartir responsabilidade entre todos para que non sexa de ninguén e menos do propio goberno que ten a competencia para facelo e sobre todo ante a gravidade da situación como puxo de manifesto a portavoz do grupo socialista, casos como o do tunel da Cañiza en plena A-52 onde os propios condutores por sé mesmos, guiados polo seu instinto tomaron as decisión de dar marcha atrás para porse a salvo, sen ningunha autoridade que os guiase.

Pero mais alá da crítica política hai que cambiar o sentido das cousas, sinala, porque hai que empezar a entender que os labregos, os gandeiros, non deixan de ser prestadores de servizos públicos porque cánto se aforrará con estes servidores desmontando esta industria do lume, que tamén hai que dicilo, para as laboures de prevención e roza os fondos son europeos, nin siquera da Xunta, o lóxico sería destinalos a estas medidas estruturais de freo e abandono do territorio. Sinala o Alcalde que a pouca incidencia dos lumes que houbo en Allariz foi debida ás políticas que se veñen aplicando de fomento das explotacións gandeiras e de aproveitamento do agro, como antes se dixo, pero tamén á resposta inmediata por parte dos servizos municipais. Niste punto o Alcalde quere deixar constancia do seu agradecemento ós voluntarios e ós veciños que masivamente acudiron a apagar lumes á Maceda, Baños de Molgas, a Paderne de Allariz, estiveron cunha voluntariedade digna de eloxio. Recorda que o voluntariado tamén data do ano 2006, que daquela se puxo en marcha, tan importante para incidir na concienciación social.

Polo tanto, reitera que como goberno municipal está disposto a traballar constructivamente para avanzar nistes eixes que estamos comentando, porque a paisaxe tamén ten que ter un retorno económico, porque os montes queimados é unha perda económica moi relevante en todos os ámbitos, incluído o valor económico da paisaxe. Pero non é suficiente dicir que isto é cousa de todos, que tamén, pero a responsabilidade é do goberno que para eso está, para asumir a gobernanza no nome de todos con responsabilidade. Por eso mesmo, o BNG, sinala, non pode aceptar a modificación da moción que lle propón o PP, acepta a inclusión dos aspectos que indicou a concelleira portavoz socialista.

Polo tanto, sométese a votación a moción do BNG, co inclusión da enmenda formulada polo grupo municipal socialista e por outro lado a moción do Partido Popular.

Resultado das votacións:

Moción presentada polo BNG (punto nº 5) coa inclusión da enmenda socialista:

VOTOS A FAVOR: 9 (8 do BNG e 1 do PSdG-PSOE).

VOTOS EN CONTRA: 3 (PP)

Moción presentada polo PP en relación á vaga de lunes que sufriu Galicia (punto nº 7):

VOTOS A FAVOR: 3 (PP).

VOTOS EN CONTRA: 9 (8 do BNG e 1 do PSdG-PSOE).

Non se aproba a moción presentada polo PP.

A moción do PSdeG-PSOE xa non se someteu a votación ó aprobarse a súa enmenda transaccional do BNG nos termos expostos.

6.- Moción do PP de apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Da conta conta da moción de data 24.10.2017 a portavoz do grupo municipal do PP, Luz Doporto Real, couxo texto se transcribe literalmente:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o pasado día 20 de setembro, data na que se ordenou por parte do Xulgado de Instrución nº 13 de Barcelona a práctica de dilixencias de entrada e rexistro en distintas consellerías e organismos técnicos da Generalitat de Cataluña, e ata o domingo 1 de outubro, día en que se tratou de celebrar o referendo ilegal prohibido polo Tribunal Constitucional, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado foron obxecto dun acoso constante coa finalidade de impedir aos seus axentes o lexítimo exercicio das súas funcións.

Toda a sociedade española foi testemuña a través dos medios de comunicación do enorme clima de hostilidade e dos numerosos ataques que sufriron os membros da Policía Nacional e a Garda Civil polo simple feito de realizar o seu labor e defender o Estado de Dereito. Durante estes días, todos os cidadáns puideron ver como os manifestantes lles insultaron e mesmo agredido, como esnaquizaron os seus vehículos, como lles rodearon durante horas para bloquear as súas saídas, como informaron a través de medios de comunicación da Generalitat dos seus movementos dentro do territorio da Comunidade Autónoma catalá coa finalidade de delatarlles e sinalarlles. Feitos que motivaron que a Fiscalía da Audiencia Nacional presentase unha denuncia por sedición ao considerar que serían constitutivos deste e outros delitos.

Debe lembrarse que, no contexto descrito, o Goberno da Nación viuse obrigado a adoptar medidas con obxecto de garantir o cumprimento da Lei na Comunidade Autónoma de Cataluña en base ás instrucións da Fiscalía para impedir a celebración do referendo ilegal e de acordo tamén ao previsto no artigo 38.2 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade que contempla a intervención de Policía e Garda Civil no mantemento da orde pública.

As explosións de violencia ás que nos referimos teñen que ver cos chamados delitos de odio e son incompatibles con calquera sistema democrático. Non ten cabida, por tanto, ningún tipo de actitude violenta ou coacción co fin de defender un posicionamento político ou ideolóxico. A violencia é simplemente violencia, sen que caiba xustificación algunha atendendo á finalidade pretendida polos seus autores ou impulsores, polo que todos os cidadáns, e especialmente os representantes públicos, deben estar unidos na condena de toda violencia, sen desculpar ou minimizar en ningún caso feitos que poidan atentar contra a liberdade e a integridade das persoas.

É deber e obrigación de todos os partidos democráticos rexeitar e condenar rotunda e sistematicamente calquera comportamento de natureza violenta -independentemente da ideoloxía en que se amparen- así como calquera acción justificativa dos mesmos, e mostrar o seu apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos os cidadáns. É inxusto e intolerable que se lles trate como inimigos cando os gardas civís e os policías nacionais son servidores públicos que cumpren coa responsabilidade de garantir a liberdade de todos e o libre exercicio dos nosos dereitos.

19

Os homes e mulleres que integran estes Corpos están comprometidos coa seguridade de España e dos españois, e dedican as súas vidas a salvagardar a convivencia, a seguridade e a tranquilidade dos seus concidadáns, merecendo por iso o agarimo, a admiración e o respecto do conxunto da sociedade española. É por esta e por outras moitas razóns polas que a Policía Nacional e a Garda Civil son as dúas institucións públicas que máis confianza xeran segundo figura no barómetro do CIS do ano 2015, pois grazas ao seu servizo diario estamos a conseguir que España sexa na actualidade uno dos países máis seguros do mundo.

Por todo iso, o Grupo Municipal de Allariz presenta a seguinte,

MOCIÓN:

O Concello de Allariz manifesta:

O seu apoio e respaldo incondicional á Policía Nacional e a Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos os cidadáns e, especialmente, e desde a legalidade constitucional, da soberanía nacional, o Estado de Dereito, a democracia e a convivencia entre os españois.

1. A súa condena ao acoso sistemático ao que os seus membros están a ser sometidos mediante actos violentos, independentemente da ideoloxía en que se amparen, así como calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore devanditos actos, rexeitando en consecuencia toda conduta antidemocrática que atente contra a convivencia en paz e liberdade e que trate de socavar os fundamentos da nosa democracia.

Ademais, insta o conxunto das Institucións españolas a:

2. Utilizar con determinación e firmeza, así como desde a proporcionalidade e oportunidade, todos os mecanismos que, en defensa da soberanía do pobo español e do interese xeral de España, atribúenlle a Constitución e as Leis.

3. Actuar, coas ferramentas do Estado de Dereito, contra as iniciativas que pretendan, desde a ilegalidade e contra a vontade democrática do conxunto do pobo español, conculcar o noso marco constitucional e a unidade de España.

Para o seu coñecemento acórdase finalmente, trasladar esta petición ao Presidente e á Vicepresidenta do Goberno de España, aos Ministros de Xustiza e de Interior do Goberno de España, aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Senado, aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios da Cámara autonómica, e á Xunta de Goberno da FEMP.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que ó BNG parécelle que baixo o suposto apoio á Garda Civil e Policía Nacional (non se comprende moi ben por qué non se incluír tamén aos Mossos de Esquadra, que tamén son Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Cataluña, e que prestan magnificamente as súas funcións) afirma o Alcalde, pero baixo este pretexto o que se pretende é que o BNG apoie a política do Partido Popular en Cataluña e o BNG discrepa profundamente desa actuación en Cataluña. Para o BNG o que está pasando en Cataluña non é un problema de orden público é un problema político de tal magnitude que é difícil pensar que se poda resolver co código penal no que unha parte maioritaria, alomenos no ámbito parlamentario, ten unhas demandas que implicarán unha negociación que implicarán respectar que igual que en Inglaterra se fala de Escocia ou en Canadá cando se fala do Quebec, o mapa vai evolucionando porque o mundo é así de plural e diverso, e o Estado español tamén é un Estado plural e diverso e ten que empezar a recoñecer esa realidade, por eso o réxime do 78, a Constitución, a Monarquía, por eso a necesidade de ter unha perspectiva de que non pode pasar pola represión mediante o uso das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, ou a Fiscalía, porque aproveitando esto o que se está a ver é que está habendo unha auténtica involución democrática; así viuse como a Policía rodea a sede dunha forza política parlamentar, cómo se entra prohibindo actos públicos; eiqú mesmo en Allariz fíxose unha votación simbólica en relación con Cataluña e veu a policía secreta que recordaba tempos pasados. Esta involución democrática en dereitos e liberdades é moi perigosa porque afecta á convivencia e sen dúbida a dereitos fundamentais, e polo tanto o BNG non pode avalar ese tipo de retroceso, mesmo se ve que os procesos xudiciais lévanse á Audiencia Nacional cando o normal sería que se dirimiran diante as instancias xudiciais catalanas. Neste sentido, flaco favor se lle fai á Garda Civil e á Policía Nacional porque, en materia de orden público a Generalitat ten competencias exclusivas, e polo tanto desde o punto de vista xurídico é discutible o traslado masivo de policías e gardas civís hacia Cataluña; e pouco axudan á convivencia en Cataluña as proclamas de "a por ellos" que se teñen visto e escoitado.

O BNG lamenta a actuación, cree que desmesurada da Policía, e non polos propios Corpos e Forzas de Seguridade, porque están mandados por alguén, sexa polo Delegado do Goberno ou por quen sexa, porque se viu cómo os propios mandos criticaban esas instrucións, porque alí o que estaban eran cidadáns absolutamente pacíficos, non se teñen visto actitudes violentas no movemento soberanista ou independentista, sinala o Alcalde, mesmo ó contrario, fan gala de que a súa mobilización é firme, masiva e serena, pero en ningún caso violenta. Polo tanto, o BNG non pode avalar a moción do PP por todas estas razóns.

Pero por outro lado, pide que se faga unha reflexión no sentido de que os galegos non temos un problema en Cataluña nin cre que os galegos debemos ter a Cataluña como causante de parte dos nosos males, porque cando se nos marcha Gas Natural Unión Fenosa, cando se marcha o Banco Pastor, cando perdemos as nosas caixas, cando non podemos ter unha tarifa eléctrica propia, ou cando temos unha financiación propia inxusta, cando a pesca non é nada importante para o Estado, cando o Parlamento galego aproba por unanimidade que se transfira a AP-9, que é

unha infraestrutura fundamental para vertebrar o noso país, pero non se transfire porque os deputados do Partido Popular no Congreso dos Deputados votan en contra do que votan no Parlamento de Galicia. Por eso, os galegos teremos que estar atentos a esta situación de crise que hai no modelo do Estado para, racionalmente, buscar bases de convivencia que sexan máis favorables para a defensa dos nosos intereses, porque con este modelo de España centralizada as cousas non van ben, porque non hai que esquecer que Galicia, Cataluña e o País Vasco son realidades que teñen un idioma propio, cunha economía específica, que teñen un asentamento no territorio tamén específico.

O grupo de goberno municipal ten unhas respectuosas relacións coa Garda Civil, foi o primeiro goberno municipal que construiu unha nova Casa Cuartel, hai coordinación de operativos coa Xunta Local de Seguridade, aplaude as intervencións de seguridade pública que se desenvolven no Concello, pero en relación ó que está pasando en Cataluña non poden apoialo porque é o peor que pode haber para unha perspectiva de convivencia e de acordo de futuro, porque se a un país se lle ataca na súa dignidade ou se o Fiscal Xeral dí que os cataláns están abducidos ou denuncia a 700 alcaldes, no é bo camino. Apelar a unha solución consensuada é o máis axeitado para a convivencia, a solución non pasa por mandar á Garda Civil nin á Policía Nacional porque se crean problemas maiores dos que se van resolver, así se explica que, en determinadas poboacións a xente pedira o desaloxamento dos operativos da Policía Nacional. En definitiva, entende o Alcalde, un goberno nunca se debe escudar na Garda Civil, na Policía Nacional para levar a adiante as súas políticas senón que debe basarse en solucións políticas a problemas políticos porque o Código Penal non vale cando hai unha sociedade que ten uns problemas como hai en Cataluña. Por estes motivos o voto do BNG vai ser contrario á moción.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba, sinala en primeiro lugar que quere deixar constancia do seu apoio a todas as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. En segundo lugar, quere sinalar que non comparte a idea do independentismo pero sí a dun estado federal, a partires de ahí, o Partido Socialista considera que o problema non son os Axentes senón quenes os dirixen. Os acontecementos ocorridos o día 1 de outubro en Cataluña non son para sentirse orgullosos, as imaxes que percorreron o mundo son pouco edificantes, de feito a actuación policial está sendo investigada pola Xuíz de Instrucción nº 7 de Barcelona por desproporcionada. Comparte a opinión expresada polo seu compañeiro Miquel Iceta cando dí que *"pedimos por tanto el intento de impedir por la fuerza una importante movilización ciudadana en simulacro de votación"*. Na mesma liña, Nuria Parlón, alcaldesa de Santa Coloma de Gramanet e membro das executivas do PSC e do PSOE criticou as cargas indiscriminadas que non lle pareceron aceptabeis. O PP, sinala, debería preocuparse pola situación na que se atopan os efectivos policiais e que denuncian publicamente na prensa. Así leese que "los agentes de la Guardia Civil trasladados a Cataluña denuncian el abandono de Interior, denuncian las condiciones de sus alojamientos". "Los policías desplazados en Cataluña, la gente se sube por las paredes". "Un juez investiga la actuaciónn de la Policía Nacional y de la Guardia Civil tras la denuncia de la Generalitat".

A maiores, o alegato da Fiscal Anticorrupción, Concepción Sabadell, na trama gürtel que afirma con rotundidade, que quedou plena e abrumadoramente acreditada a caixa b do PP cos papeis de un tal Luis Bárcenas. Ante todo esto, con qué lexitimidade o Partido Popular, sinala a concelleira, pode defender o que defende, primeiro deben limpar a súa casa e despois esíxanlle ós demais. Por todo elo, o grupo municipal socialista vai votar en contra da moción presentada.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, sinala, en primeiro lugar, que o seu partido defende o que defende porque está lexitimado para elo porque é o Goberno do país, apoiado neste asunto polo Partido Socialista para a defensa e a restitución da legalidade en Cataluña, que non é o caso do corpo desta moción. A moción pretende saber se todas as forzas políticas representadas no Concello están a favor dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, a pregunta é ben sinxela, afirma a concelleira, non ten que ver con outros aspectos. Estase a falar doutras cousas sen meterse na profundidade de que non ha lugar a falalo neste pleno, poderíase facer un pleno extraordinario para falar doutras cousas, espera que non sexa necesario, porque

tamén espera que o tema de Cataluña se resolva, pero cando hoxe se fala do diálogo xa é tarde, diálogo con quen, para qué, pregúntase a concelleira. Hoxe produciuse unha declaración de independencia na Comunidade de Cataluña, é un feito gravísimo para todo o país, afirma. Non só polas consecuencias que elo conleva, non só económicas, para os cataláns.

Os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado cando interviron o día 1 de outubro en Cataluña non foi por mandato do Goberno do PP senón por orden da Audiencia Nacional para impedir que se votase nun referendun ilegal. Desde o ano 2014, o Tribunal Constitucional viña anulando a través de sentencias e autos o chamado proceso secesionista requeriéndolos para que acatasen o marco constitucional e estatutario, fíxose caso omiso a estes requerimentos, adoptáronse normas e leis como as do referendun de autodeterminación e de transitoriedade xurídica abertamente contrarias á Constitución, suspendidas inmediatamente, e a primeira delas xa anulada por unanimidade, aprobadas amitindo todas as garantías democráticas, vulnerando o regulamento do Parlamento catalán e mesmo en contra do criterio do Letrado Maior e do Secretario Xeral da Cámara. A consecuencia é que mais de 1.400 empresas neste momento xa trasladaron a súa sede social fora de Cataluña porque a inseguridade xurídica é terrible e a incertidume do que pode pasar é o peor escenario para o desenvolvemento económico que xa se esta experimentando en Cataluña; as reservas de turistas caeron á metade, hai unha diminución enorme dos pedidos de automóbiles, baixan as vendas nas grandes superficies, dúas axencias de calificación crediticia xa alertaron da posible baixada da calificación da Generalitat e advertiron dos riscos dunha posible desaceleración ou incluso de recesión na Comunidade Autónoma.

Reitera a concelleira que o apoio ás Forzas de Seguridade do Estado que están velando polo cumprimento da lei e pola restitución da legalidade en Cataluña por mandato xudicial chegando a unha situación á que nunca se quiso chegar, tendo esgotado moitas oportunidades de parar. O que se trouxo é unha moción na defensa do Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, estamos con eles ou non, esa é a cuestión, eso é o único que hai que votar, afirma.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, sinala que no Partido Socialista, á diferenza do Partido Popular, permíteselles discrepar, ése é o espírito crítico, por eso, desde o seu punto de vista está en total desacordo co que se acaba de expresar na moción.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, da exposición de motivos que se fai non hai ningunha dúbida de que se está a falar, non dun apoio en abstracto ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, senón da súa actuación en Cataluña, tendo presente que o Ministerio do Interior, non a Audiencia, en contra a miúdo do que sería o criterio dos propios mandos, por razóns estrictamente políticas, están facendo alí intervencións que suscitaron unha folga xeral o día 3 de novembro en protesta por aquela intervención.

O BNG, democráticamente, exprésalle que non comparte ese criterio, e considera que a política do Partido Popular nesta cuestión é equivocada con Cataluña, afirma. Hai quen dí que o Partido Popular está facendo cada hora mais independentestas, mais soberanistas con ese tipo de política. Cree que hai que apelar ó diálogo, apelar a unha solución negociada, e da mesma maneira afirma que a aplicación do artigo 155 da CE é unha auténtica deturpación porque se aproveita para destituir un Goberno, suspender un Parlamento, facelo mediante Decreto-Lei, fronte a unha Lei Orgánica como é o Estatuto que dí que o presidente da Generalitat só pode ser removido polo propio Parlamento de Cataluña. O BNG, precisamente porque respecta as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, entende que non é bo parapetrarse detrás deles para defender políticas que son cuestionables. Por esa razón van votar en contra da moción, conclúe.

Seguidamente sométese a moción a votación co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 3 (PP).

VOTOS EN CONTRA: 9 (8 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE).

Non se aproba a moción presentada polo PP de apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

8.- Moción do PSdeG-PSOE sobre a progresiva retirada de amianto nas edificacións e infraestructuras.

Da conta conta da moción de data 17.10.2017 a portavoz do grupo municipal socialista do PSdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, couxo texto se transcribe literalmente:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe son coñecidas as perigosas consecuencias que para a saúde ten o amianto ou fibrocemento, coñecido popularmente como Uralita.

A lei dende fai algúns anos prohíbe o seu uso indiscriminado e regula perfectamente o procedemento a seguir para a súa eliminación. Os riscos para a saúde son evidentes e sen caer en falsos alarmismos, resulta claramente desexable a súa progresiva erradicación.

A pesares da súa prohibición, nas nosas vilas e pobos aínda quedan moitas toneladas de asbesto, que poden suponer un potencial risco para a saúde. Tamén no noso Concello existen este tipo de edificacións tal e como se demostra na reportaxe que acompaña esta moción.

Manifestado o anterior tamén é preciso recoñecer que a retirada e tratamento deste materiais, é por un lado delicado e custoso para ser levada a cabo polos particulares, o mesmo que son retirados sen as preceptivas medidas de seguridade.

Dende o Grupo Socialista de Allariz consideramos que ven sendo tempo de que, dende as institucións públicas, se faga un esforzó por facer efectiva a normativa e haxa un compromiso firme na eliminación total dun produto tan perxudicial para a saúde pública e para o medio ambiente.

*Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO** que agarda sexan aprobadas polo pleno desta Corporación :*

- 1. Poñer en marcha campañas de formación, información e publicidade para dar a coñecer o procedemento de detección do amianto e os riscos que comporta para a saúde, así como sobre o risco que supón a súa inadecuada manipulación e informar de cales son os pasos que se deben seguir para a retirada e o tratamento destes materiais e os seus residuos.*
- 2. Solicitar da Deputación Provincial de Ourense a aprobación dun convenio-marco ó que se adhiran os concellos da provincia co fin de realizar un inventario das construcións de titularidade das entidades locais que conteñan amianto.*
- 3. Solicitar da Deputación Provincial de Ourense a creación dunha liña de axudas ós concellos para proceder á substitución e eliminación do amianto das edificacións recollidas no inventario anterior.*

Instar á Xunta de Galicia para que retire o amianto naquelas edificacións que sexan da súa titularidade no noso concello e convoque unha liña de axudas, destinada a retirar aqueles elementos que conteñan amianto nas edificacións privadas.

O BNG, sinala o Alcalde, vai votar favorablemente a moción pero quere insistir, como xa se adianta na propia moción, na conveniencia de non xerar alarmismo, non por excesiva prudencia senón porque a lexislación que regula esta cuestión, especialmente o Decreto 396/2006 ven a indicar que a perigosidade atópase na súa manipulación, na destrución, polo mesmo os traballos

con este material faise por un xestor autorizado e tamén hai que dicir que non todas as uralitas teñen amianto. É dicir, que calquer cuberta de granxas, ou instalacións que teñan este tipo de material, se non hai unha manipulación destas características non entraña perigo. Gustaríalle facer fincapé que na relación de fichas que se adxuntan á moción está a antiga fábrica de Iberolacto, actualmente de titularidade municipal, que calquer operación que se poña en marcha para retirar o material desa cuberta terá que correr a cargo dunha empresa especializada. Tamén proporciona fotografías das antigas instalacións de telefónica que habería que coñecer as datas da fabricación dos materiais para saber se teñen ou non amianto e tamén están as naves de O Portiño que o concello utiliza para gardar material de medioambiente que data da época en que se construiu a autovía e tamén se descoñece se este material contén amianto. Por eso, considera de interés público non xerar alarma, seguramente tamén esa a intención do grupo socialista, e sobre todo no que se refire ás cubertas do CEIP Padre Feijoo porque xa desde o ano 2016 xa se ten aprobado un proxecto pola Unidade Técnica de Educación para retirar a parte central desta instalación que ten uralita.

Por todas estas razóns, o grupo municipal do BNG vai votar favorablemente a moción.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que está de acordo co que acaba de expoñer o Sr. Alcalde e supón que a iniciativa do grupo municipal socialista vai encamiñada a tratar de que se cumpla a normativa que hai vixente que no caso da normativa estatal adecouse precisamente ás directivas europeas que son bastante esixentes, de modo que cumprindo as normas estatais considera que é suficiente para afrontar esta situación. De feito, a prohibición de materiais con amianto foi introducida no noso ordenamento mediante Orde do 7 de decembro de 2001 polo que se modifica o Anexo I do RD 1.406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e o uso de certas substancias. A partir da entrada en vigor daquela Disposición queda prohibida a utilización, produción e comercialización das fibras de amianto e dos produtos que as conteñan. Así mesmo, na norma tamén se establece que o uso dos produtos que conteñen as fibras de amianto que xa estaban instalados á entrada en vigor desta Orde seguirán estando permitidos ata a súa eliminación ou fin da súa vida útil.

En relación co que dixo o Sr. Alcalde, efectivamente, o problema non é que esté ahí o fibrocemento con amianto, senón a manipulación do mesmo e ahí é cando hai que cumprir especialmente a normativa. Polo tanto, non existe obriga legal de retirada de amianto mentras os elementos constructivos que os conteñan se atopen no seu período de vida útil, de feito, e sen prexuízo de que podan existir casos puntuais de que permanezan os materiais nas edificacións podan xerar risco deliberación de axentes nocivos por presentar desperfectos ou degradación, o que remitiría ó fin da súa vida útil, a retirada inmediata do material que se atope instalado mantendo a súa vida útil en condicións non perigosas xeraría un verdadeiro problema ambiental tanto polo risco de mobilizar os axentes nocivos por manipulación do material como por dificultade de que os xestores de residuos poidese absorber de xeito inmediato as grandes cantidades de residuos xerados.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da necesidade de observar as normas aplicables en materia de seguridade e saúde laboral durante as operacións de retirada e cando sexan precisas ou a obriga de que o residuo perigoso sexa entregado a un xestor aautorizado para o seu tratamento. Hai unha normativa en materia de seguridade e saúde que describe perfectamente as medidas de precaución que hai que tomar por vías respiratorias cando existen fibras de amianto en suspensión ó aire. A partir do ano 2002 que é a data de prohibición da fabricación e comercialización do amianto as exposicións ó amianto limítanse ós traballos e intervencións sobre os materiais que conteñen amianto que foron instalados no seu día e que poden permanecer en uso sen presentar risco para a saúde ata o final da súa vida útil ou a súa retirada definitiva. As actuacións de manipulación e retirada deste material axustarase ás normas que xa antes se citaron que reflicte o RD 396/2006. Ademais, para levalos a cabo nas condicións de seguridade e hixiene ambiental realízanse por empresas especializadas e rexistradas tras ser aprobados os traballos específicos polos organismos competentes, ISSGA, en Galicia, o que implica a máxima seguridade para a saúde da poboación e tamén dos traballadores implicados.

En canto ó amianto nas vivendas, o Instituto Galego de Vivenda e Solo dispón de varias liñas de axudas para a rehabilitación centradas na eficiencia enerxética e na estaqueidade dos edificios polo que a substitución de cubertas queda incluída entre os traballos susceptibles de ser beneficiados por estas axudas. As axudas de rehabilitación do IGVS son de tres tipos: rehabilitación de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos e nos camiños de Santiago, áreas de rehabilitación integrada e programa de fomento de rehabilitación edificatoria. De feito, o Plan Rehabita destinará o 46% dos seus investimentos a actuacións e subvencións para a rehabilitación de vivendas. En 2016 asináronse convenios con concellos nos que existen áreas de rehabilitación integral para a execución de 508 actuacións por importe de mais de 5,8 millóns de euros; tamén se publicou a convocatoria para que os concellos con áreas de rehabilitación integral declaradas e aquelas que soliciten novas ARIS poidan acceder ó financiamento do plan estatal 2013-2016. Prevese que ó abeiro desta convocatoria se aproben actuacións cun importe máximo de axudas de mais de 9,5 millóns de euros entre o 2015 e 2016 o que permitiría a rehabilitación de mais de 1.200 vivendas, así como actuacións de rehabilitación e reurbanización por parte dos concellos. Ademais, o pasado 6 de abril o DOG publicou a Orde pola que se establecen axudas para a obtención de avaliación dos edificios, documento que será necesario para acceder ás axudas de rehabilitación e obrigatorio para todas as vivendas de mais de 50 anos. Esta orde prevé axudas por importe de 1.000.000 euros o que supón que preto de 50 mil vivendas poderán obter dito informe con axuda da Xunta de Galicia. De igual xeito o Consello da Xunta aprobou o 23 de abril o pagamento de axudas do plan Renove do plan de vivendas 2009-2012 por importe de mais de 6,7 millóns de euros. Finalmente o IGVS tamén convoca axudas de rehabilitación ó medio rural en conxuntos históricos financiadas exclusivamente con fondos autonómicos para o fomento da actividade edificatoria por un importe de conxunto de preto de 5 millóns de euros entre o 2015 e o 2016.

A Xunta de Galicia está respectando a normativa en materia de seguridade e saúde, polo tanto no suposto de que houbera edificacións de titularidade autonómica ó final do período útil que conteñan amianto e se proceda á súa eliminación a Xunta de Galicia continuará a proceder á súa retirada a través do xestor autorizado tal como está na normativa aplicable. Dito todo isto, o PP non ten problema en apoiar unha moción e neste caso vaina apoiar, pero propón, en base á argumentación que deu a concelleira socialista, unha transacción engadindo un punto que é similar ó punto 4 que dí: "*punto 5.- Instar ó concello de Allariz para que controle que as obras de rehabilitación que afectan a elementos constructivos con amianto se proceda á substitución dos mesmos conforme á normativa vixente.*" No punto 4, para que quede claro, engadir catro palabras: Onde pon: Instar á Xunta de Galicia para que retire o amianto "*conforme á normativa vixente*" e continuar co demais sinalado no apartado. Todo elo precisamente para evitar provocar unha situación de alarmismo, para deixar claro que non hai que retirar todos, senón só aqueles que supoñan un risco para a poboación.

Polo grupo socialista a súa portavoz considera que a súa moción está ben tal cual está e non acepta a enmenda transaccional.

Seguidamente sométese a moción a votación co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 (8 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE).
ABSTENCIÓNS: 3 (PP)

Queda aprobada a moción presentada polo grupo municipal socialista do PSdeG-PSOE sobre a progresiva retirada de amianto nas edificacións e infraestruturas.

10.- Rogos e Preguntas.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, formulou por escrito as seguintes:

10.1. Preguntas

*10.1.1 Fai uns días nun medio de comunicación provincial saía publicada unha queixa dun veciño de Allariz, en relación có **asfaltado ou acondicionamento dunha vía municipal que comunica Outeiro de Orraca e Queiroás Grande.***

En relación con esta cuestión puntual que pón de manifesto a necesidade de proceder a reparación e acondicionamento da rede viaria local que comunica ós diferentes núcleos de poboación do concello e que está sobradamente deteriorada e degradada, veño a plantexar as seguintes,

PREGUNTAS:

- 1. Ten pensado o Concello de Allariz dar solución a esta queixa concreta exposta nos medios de comunicación por un cidadán do noso municipio, que demanda a reparación urxente da vía de comunicación entre Outeiro de Orraca e Queiroás Grande?*
- 2. Diante da necesidade imperiosa de proceder a reparación e acondicionamento das estradas municipais, ten realizado o Concello de Allariz un estudo de necesidades urxentes para tal cometido?*
- 3. Pensa o Concello de Allariz en realizar unha programación cronolóxica, a hora de acometer a reparación, conservación e mantemento, en base a un estado de necesidade real, no que atinxe as vías de comunicación de titularidade municipal e que presentan un estado de conservación e de seguridade vial moi deficiente?*
- 4. Ten elaborado o Concello de Allariz un estudo de necesidades en relación coa rede viaria local?*

Responde o Alcalde sinalando que a realidade á dispersión poboacional que ten Allariz leva a que a rede viaria municipal, nun concello de 88 km², sexa unha das problemáticas á que lle prestamos mais atención, cada ano hai un plan de mantemento no que se van incorporando de acordo cos criterios técnicos sobre prioridades aquelas pistas que presentan un firme en peor estado; cada ano faise un plan de mantemento de bacheo, limpeza de cunetas, cun plan de mellora e asfaltado destas pistas. En concreto, en relación á que estamos falando non é o conxunto da pista, a queixa ten ver coa existencia dunhas raíces de piñeiros que hai nas proximidades da propia pista e provocan o levantamento do asfalto e as dificultadas de circulación na mesma. A intención do concello é proceder á súa reparación á par que se fai o asfaltado da rúa A Granxa e Ferradal (aproveitando o traslado de maquinaria para a execución destas obras).

10.1.2 Tralo éxito indiscutible das **VI Xornadas da Carne de Boi de Allariz** que veñen de rematar, cómpre facer balance das mesmas e tomar determinadas decisións por parte da organización có gallo de seguir mellorando as mesmas e corrixir algún erro que se ten detectado.

En relación con esta actividade que dinamiza a nosa vila e pon en valor os noso produtos, veño a formular as seguintes,

PREGUNTAS:

- 1.** Cal é a causa de que moitos dos establecementos participantes no concurso de tapas, se quedaran a primeira hora da noite do fin de semana sen produto cárnico para poder elaborar as tapas correspondentes?
- 2.** Coñece o Concello de Allariz as queixas manifestadas por moitos visitantes, diante da frustración de terse desprazado deica a nosa vila e non poder degustar en moitos locais a tapa anunciada e comprometida?
- 3.** Qué tipo de medidas pensa implementar no futuro o ente organizador deste evento, para subsanar estas graves deficiencias que menoscaban a imaxe turística do noso Concello?
- 4.** Considera o Concello de Allariz necesario estudar a posibilidade de reducir as xornadas a dous fins de semana, mentras non se poida garantir unha maior cantidade de carne de Boi para estas xornadas?

5. A cómo ascendeu o gasto en publicidade das mesmas e qué medios se utilizaron para promocionar este evento gastronómico?

Responde o Alcalde sinalando que, concorda coa portavoz socialista en que as VI xornadas de carne de boi están consolidándose como un evento de referencia gastronómico para o noso concello cunha afluencia de toda Galicia e tamén de fora. Pero, como calquer evento gastronómico, o feito de que algúns hosteleiros agotaran as provisións optimistas que fixeran no encargo de carne para elaborar os pinchos que, con independencia da carne que vaian adquirindo, ten unha elaboración complexa que fai que o número sexa determinado, coñece establecementos de venda de trecentos, catrocentos, dependendo da zona e do día, oitocentos algún día, que, como en todo tipo de eventos, como a festa dos percebes, as cousas teñen un límite.

Da experiencia persoal e as propias valoracións que se fan na oficina de turismo, que tivo unha importante actividade nese sentido, hai unha valoración positiva. Non hai constancia dunha queixa masiva en relación a esta cuestión. Como en anos anteriores, os hosteleiros van aprendendo da propia actividade en cada xornada sobre o volumen posible de elaboración e de venda, porque terá un límite en canto á capacidade de elaboración en función dos locais. Está de acordo en estudar no que ten que ver co subministro, porque o pedido é algo que é discrecional para cada un dos hosteleiros, en canto ó tipo de carne e a tapa que vai elaborar. Está de acordo en estudar as posibilidades que hai, aínda que a veces a oferta non sería suficiente para garantir que a elaboración de determinadas tapas que esixe unhas tarefas de elaboración, coción, é un traballo complexo, e non vai se vai poder facelo se hai unha altísima demanda.

Sobre os gastos de publicidade nos principais medios xornalísticos da provincia están dentro do convenio que o concello ten subscrito con La Región e con La Voz de Galicia e pode cuantificarse a adquisición das lonas, folletos, panfletos, cartas para os restaurantes, sinalética de entrada ós locais, no entorno de 6.000 euros de gasto de promoción. Agradece as suxerencias que se podan facer tanto polos hosteleiros como por parte dos grupos municipais en relación á potenciación deste evento. En canto ó período, o feito de ser quince días, con dous fins de semana, tamén hai que comprender que determinadas pezas de carne non se poden producir tantas como sería desexable, pero haberá que ir aumentando o número de animais dispoñibles, iste ano foron seis, e para o ano que ven seguirase nunha liña ascendente para cubrir a oferta.

10.2 Rogos

10.2.1 Que por parte da Concellería responsable se proceda de xeito urxente ao desbroce da zona onde se atopa a caseta dos patos, no Matadoiro, por atoparse nunhas condicións deplorables, estando como está na porta de entrada do noso Concello.

Que de paso tamén se proceda a restauración da edificación que situada a veira do río ao carón da ponte de San Isidro, e que serve como fogar das aves palmípedas do noso río; xa que presenta un estado de conservación lamentable.

10.2.2 Na urbanización situada entre as rúas Rosalía de Castro e Godella na vila de Allariz existe colocada dende fai moitos anos un guindastre de grandes dimensións que no seu día foi utilizado para a edificación desas construcións.

Hai constancia documental gráfica de que este elemento de considerables dimensións e que se utilizou para a edificación destas construcións, está aí instalado dende antes do ano 2013.

Dado que na actualidade non cumpre ningunha función, e que supón un perigo para a seguridade pública e un elemento claro de feísmo urbanístico,

ROGO:

- Que o Concello de Allariz requira ao propietario promotor da edificación, para que proceda ao desmontaxe do guindastre en cuestión, eliminando deste xeito a situación de perigo existente.
- Que por parte dos servizos técnicos municipais se elabora unha relación destes elementos utilizados na construción e que na actualidade están en desuso, para proceder a retirada dos mesmos por seren unha ameaza a seguridade pública e un fito de contaminación visual, nun concello de excelencia turística como o noso.
- Que de non atender os requirimentos municipais se proceda a retirada dos mesmos por parte do Concello de xeito subsidiario, achegando os custes desta operación aos lexítimos responsables.

Responde o Alcalde sinalando que toma nota dos mesmos. En todo caso, sinala, con respecto á caseta dos patos tivo un uso inicial na expansión desta fauna en Allariz, hoxe son mais as ocas que os patos as que usan as casetas, pero non obstante tómase nota de cara a súa adecuación. Probablemente no orzamento 2018 poda facerse unha remodelación da praza do Matadoiro para aumentar a súa actividade comercial no ámbito da Reserva da Biosfera e estudíase tamén esta cuestión.

Por último, con respecto á grúa a crise da construción propiciou a permanencia deste tipo de instalacións; fíxéronse os requirimentos a partir do 2015 e neste momento o concello está xa a tramitar a execución subsidiaria porque non estamos obtendo resposta nos prazos establecidos por parte da empresa. As outras grúas que tamén foron requiridas foron retiradas, pero ésta non non. Farase o posible para que se retire antes do inicio de inverno.

Preguntas orais.

Recórdalle a portavoz do grupo socialista ó Alcalde que ten pendente de responder unha serie de preguntas: o tema da bandeira na Acearrica, os usuarios dos hortos urbanos, a inquisa de visitantes e as subvencións ó tecido asociativo do concello que non aparecen nos orzamentos.

Roga tamén que por parte do concello se informe e se axude a tramitar as solicitudes de deducción no canon de auga e coeficiente de vertedura para as familias numerosas e por último, gustaríalle saber se hai algunha novidade con respecto ós catro mil euros desaparecidos das oficinas da Policía Local.

Responde o Alcalde sinalando que, con relación a esta última cuestión, aínda non nos trasladou a Garda Civil o atestado que están a realizar, estamos agardando ese traslado e tamén temos o compromiso de aprobar un regulamento de obxectos perdidos no propio concello.

En rrelación ás cuestións pendentes trae as respostas ás mesmas. Nós non temos realizado ningunha autorización para a colocación, neste caso, dunha bandeira nacionalista, porque a bandeira galega con estrela encarnada é utilizada por moitas organizacións, mais alá da do propio BNG, sendo unha intervención da propia responsabilidade do adxudicatario.

En relación ós hortos urbanos, trasládalle o regulamento dos mesmos así como a indicación da existencia de 8 hortas adxudicadas de acordo con este regulamento na zona da rúa Modesto Seara e 12 hortas nun espazo de Santán, por detrás do AC Hotel ou Oca Hotel. As outras cuestións contestáronse en videiras sesións.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as seguintes preguntas:

Solicita a **limpeza dos sendeiros entorno ó río dende a Ponte ata o Briñal**, que están bastante abandonados. Tamén solicita a **limpeza da pintada que hai na Igrexa de San Pedro que literlamente di: "La única iglesia que ilumina es la que arde"**. Dende logo non é unha invitación á convivencia nin nada parecido. Solicita que se faga da foma mais inmediata posible.

Responde o Alcalde sinalando que en relación a esta cuestión aínda que a limpeza das marxes dos río Arnoia debemos ser o único concello que as asumimos íntegramente porque escoita á Confederación Hidrográfica limpando o Barbaña o Barbañín, o Barbantiño, Miño e outros mais, e o de eiquí son as brigadas municipais as que teñen que facer incluso a retirada de amieiros secos. En calquer caso, toma nota do rogo.

En relación á pintada a brigada municipal procederá á súa eliminación, tamén coa satisfacción de que cando un ve moitos cascos históricos cree que se pode presumir de ter un casco histórico cun aspecto moi importante, porque non hai grafitis, nin pintadas, hai un civismo bastante importante. Éstas son un tanto excepcionais.

Por último, o concelleiro do grupo municipal congratúlase da recuperación da iluminación na parte alta da Barreira ó Convento de Santa Clara.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e vintedúas horas e vinte minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe. O ALCALDE, Francisco García Suárez. Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras. DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.

